



A serigrafía é un sistema de impresión milenario. Aínda que non hai datos exactos, créese que se remonta á antiga China. Esta técnica de impresión consiste en transferir unha tinta a través dunha malla tensada nun marco, bloqueando a zona onde non hai imaxe mediante unha emulsión ou verniz. A técnica serigráfica é, sen dúbida, a máis fiel entre as artesanais de tradición, ofrecendo unha réplica do orixinal de tirada limitada, numerada, asinada e datada polo autor.

JORGE CASTILLO CASALDERREY

Escultura del mar

Arte e Sanidade
decembro 2013



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE
Xerencia de Xestión Integrada
de Vigo
Vigo



ESCULTURA DEL MAR - 1970, Berlín
75 x 110 cm
Acuarela e tinta



O pontevedrés Jorge Castillo Casalderrey é un dos artistas galegos vivos de maior proxección internacional. A súas primeiras manifestacións plásticas comezan a desenvolverse en Arxentina, onde a súa familia emigra cando conta tan só cun ano de idade. Alí reside ata que aos 22 anos regresa a España cunha maleta chea de ilusións e un estilo de pintar próximo ao surrealismo. Instalado en Madrid, pronto o seu talento destaca entre os círculos artísticos da capital. En 1960, tras participar na *Bienal de São Paulo*, trasládase a Barcelona, desde onde arranca unha importante traxectoria profesional, con actividades en París, Italia, Xenebra ou Berlín, entre outras capitais. En 1968 concorre á *Documenta de Kassel* co seu emblemático *Tríptico de Palomares*: obra cun forte contido crítico sobre a caída accidental de bombas nucleares americanas no Mediterráneo, cerca das costas do pobo almeriense de Palomares. O prestixio de Castillo consolídase día a día e a súa traxectoria expositiva pasa polas más prestixiosas galerías do mundo.

En 1969 é invitado a residir e traballar durante un ano en Berlín, onde realiza numerosas pinturas, gravados e esculturas. Nos anos sesenta a fama de Castillo consolídase e inaugura exposicións nas principais galerías do mundo, o que da lugar a que escriban sobre Castillo os más importantes críticos.

En 1977 aparece a primeira monografía sobre o artista galego, escrita por Werner Haftmaum.

En 1982 vincúlase á célebre galería *Malborough*, árbitro da arte contemporánea en Estados Unidos.

Edítanse novas monografías en diversos países entre elles a escrita por Carter Ratcliff. As súas esculturas emprázanse en lugares públicos das cidades máis importantes do occidente europeo. En España consagrarse definitivamente coa publicación da citada monografía de Ratcliff por edicións *La Polígrafa*. Os máis importantes museos do mundo adquieren obra súa, como o Guggenheim de Nova York, onde o artista fixa a súa residencia e ten un amplio estudio.

Na súa cidade natal, Pontevedra, dedícaselle unha sala especial durante a celebración da *Bienal*, en 1988.

A citada galería neoiorkina e o *Meadows Museum* de Dallas, Texas, dedícanlle grandes exposicións que se repiten en Barcelona e Santiago de Compostela durante o ano 1990.

Tanto como a súa pintura, importan a súa escultura e a súa obra gráfica, probablemente o aspecto que máis o proxectou en ámbitos internacionais. A súa obra figura en museos de todo o mundo, desde Estados Unidos a Xerusalén.

Jorge Castillo vive actualmente entre Suecia e España onde continúa desenvolvendo a súa actividade artística. No momento actual está traballando nun proxecto do goberno sueco, para pintar de xeito natural as principais cidades e vilas dese país. Así, esta percorrendo Suecia co seu cabalete, iniciando esta andadura en Helsingborg onde ten a súa residencia e o seu estudio.